

## NOTA INFORMATIVA SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNADO

### NORMATIVA REGULADORA

**DECRETO 13/2022**, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### ASPECTOS A TER EN CONTA:

1. Cada alumno só pode presentar **una única solicitude** no centro que solicite en primeiro lugar. Esta solicitude deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexos I-bis, II-bis e III-bis); agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.
  - Pódese cubrir de xeito manual solicitando o impreso na secretaría do centro, descargándoo da páxina web do centro, desde a aplicación admisionalumnado ou desde a sede electrónica.
  - De forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*, no enderezo: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>  
Poden cubrir o formulario de admisión a través do menú **Solicitudes - Admisión - Crear solicitude de admisión**. Feito iso poden optar por:
    - 1) Imprimir dito formulario e achegalo ao centro educativo que escollan para o seu fillou ou filla en primeiro lugar.
    - 2) Se dispoñen de certificado dixital, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.
2. Xunto co impreso de solicitude deben presentar a seguinte documentación:
  - Fotocopia do DNI dos pais e do alumno/a, se o ten.
  - Fotocopia do Libro de Familia completo.
  - Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.
  - Certificado de de matrícula, no caso de vir doutro centro educativo. Neste caso debe presentar copia da solicitude de admisión no centro de orixe.
3. O alumnado ten garantida a permanencia no centro. Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá presentar copia da mesma, no centro de orixe.
4. O alumnado que tivese posto reservado en centro de adscrición poderá presentar solicitude de admisión, se acredita que renunciou ao posto reservado antes do 28 de febreiro de 2023.
5. A presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **21 de marzo ao 11 de abril**.

6. A publicación das listaxes provisionais de alumnas e alumnos admitidos e non admitidos: o **25 de abril**. Contra esta listaxe poderá formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o Consello Escolar.
7. A publicación de listaxes definitivas de alumnos admitidos e non admitidos: **antes do 15 de maio**.
  - a. O **IPREM** correspondente ao ano 2021 está cifrado en **6.778,80€**. (Para calcular a renda per cápita deben sumar as casiñas da Declaración da Renda 435+460 se é conxunta, ou de ambas declaracións se é individual, e dividir entre o número de membros da unidade familiar) . A situación da unidade familiar é a correspondente ao 28 de febreiro de 2023.
8. Centro adscrito: IES LAXEIRO.
9. Para resolver o desempate na puntuación final no curso 2023/2024, terase en conta o número **0,69**, resultante do sorteo público, dividido entre 100 (69/100).
10. Área de influencia: plano adxunto.
11. Este Centro oferta servizo de comedor, regulado polo *DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*
12. **O prazo para formalizar a matrícula: Do 20 ao 30 de xuño.**
13. **Criterio complementario establecido por este Centro aprobado polo Consello Escolar:**
  - 1 punto por zona de influencia do domicilio familiar.

Lalín, a 28 de febreiro do 2023.

CEIP MANUEL RIVERO